

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 20 DE
MAIO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

4. Rogos e preguntas

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/2595, o día 14 de maio de 2021, xunto cos demais rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

Único. Vemos que na páxina web municipal non sae ningunha referencia do xuízo que se presentou contra o partido político Alternativa dos Veciños.

Entendemos que ao tratarse dunha denuncia impulsada dende o Concello de Cambre, que supuxo un investimento de 6000 euros, deberíase de dar traslado aos veciños da súa resolución.

Do mesmo xeito que se fai cando se levan a cabo outros investimentos, como obras, actuacións ou iniciativas. Pois esta tamén é unha iniciativa municipal da que os veciños e veciñas teñen o dereito tamén de coñecer o seu avance por medios municipais e non a través de medios externos.

Motivo polo cal, rogamos sexa publicado tamén nos medios municipais o proceso e o avance deste investimento de 6000 euros levada a cabo desde o Concello de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, responde que non se acepta o rogo, que o tema non está pechado porque se presentou un recurso.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2596, o día 14 de maio de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª-2ª e 3ª Nos últimos días informouse do establecemento no noso concello dun novo sistema de cita previa en liña para axilizar os trámites administrativos dos veciños. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunta ao concelleiro competente:

- En que consiste o dito sistema?
- Ámbito ao que se aplica
- Previsións de ampliacións no futuro próximo

Dona María Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que a veciñanza a través desta aplicación pode seleccionar o día e hora que mellor lle vai para os diferentes trámites municipais, complementando así o servizo de citas telefónicas que xa leva un ano funcionando. Engade que, a maiores, quen así o desexe, poderá solicitar volante de padrón a través dunha videochamada, sen ter que achegarse ao concello, en horario de 08:00 a 10:00 horas. Agora mesmo o sistema está funcionando en rexistro, padrón e urbanismo e, en breve, ampliarase aos servizos da ADL e Servizos Sociais.

4ª-5ª e 6ª Tendo transcorrido máis dun mes desde a publicación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* da resolución da concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos do Concello de Cambre, número 470/2021, do 9 de abril de 2021, pola que se aproban as bases da convocatoria para a provisión do posto de inspector-xefe da Policía Local do Concello de Cambre polo procedemento de libre designación con convocatoria pública e tralas explicacións dadas pola mencionada concelleira na pasada sesión plenaria, así como por escrito a este grupo municipal; desde o Grupo Municipal Popular pregúntaselle:

- Número de recursos presentados contra a dita resolución
- Traslado da proposta para coñecer o parecer da representación sindical dos traballadores do Concello de Cambre, respecto das bases de convocatoria para a provisión do posto de inspector-xefe da Policía Local do Concello de Cambre.
- Respostas das ditas organizacións sindicais á proposta de bases de convocatoria para a provisión do posto de inspector-xefe da Policía Local do Concello de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que se presentaron 8 recursos, que non hai oficialmente ningunha proposta porque as bases das convocatorias non teñen que ir a mesa de negociación e que non hai máis resposta oficial que o recurso presentado por UGT.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2595, o día 14 de maio de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Nos pasados días saíu publicada a concesión provisional para o programa de subvencións da Deputación a concellos para contratar persoal técnico para a atención de museos, na cal a solicitude do Concello de Cambre resultou non admitida.

Motivo polo cal preguntamos se o motivo de que non fora admitida é emendable.

Repercute esta situación na prestación do servizo no museo?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que dende o ano 2018 véñense solicitando dúas subvencións, unha para persoal técnico de atención a museos e outra para atención á oficina de turismo, e que ata este ano sempre se concederon as dúas, sendo exactamente as mesmas bases, polo que entenden que é emendable, e xa se tramitou a correspondente alegación. Engade que non repercute na prestación do servizo.

2ª En varios dos escritos que presentamos achegando diferentes solicitudes que nos fai a veciñanza, sobre o mantemento de lavadoiros e fontes, e dende hai meses se nos está a contestar que se está a elaborar un prego para optimizar este servizo.

Preguntamos en que punto de elaboración se atopa o prego e a previsión de que este servizo para o patrimonio cambrés inicie a funcionar.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que, como xa se lle indicou en anteriores ocasións, existe unha partida orzamentaria coa que se prevé levar a cabo todas estas actuacións e está elaborada a documentación técnica precisa, se ben decidiuse incluílo como un lote do contrato de mantemento de zonas verdes.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2596, o día 14 de maio de 2021, xunto coas preguntas presentadas para as comisións informativas.

1º Veciños e usuarios do transporte público da parroquia de Temple amósannos as súas queixas sobre o estado no que se atopa a marquesiña existente na parada situada ao final da rúa Ramón Cabanillas, xusto no límite co municipio de Oleiros. Parada de gran tránsito intermunicipal que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, atópase nun deplorable estado de conservación e limpeza.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se requira da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para a súa adecuada conservación e limpeza á maior brevidade posible.

Dona Elisa Barreiros Pestonit, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que o citado ben se inclúe no contrato de mantemento de marquesiñas que se está elaborando.

2º Tendo transcorrido meses desde a realización de obras de pavimentación e mellora na contorna do parque Ramón Barba no Temple, aínda quedan elementos de obra por retirar da súa contorna, como por exemplo os elementos de separación a modo de valos que impiden ou dificultan o tránsito, tanto peonil como rodado, tal e como se observa na fotografía que se achega. Rogo que xa foi traído hai un mes polo Grupo Municipal Popular e recollido pola concelleira competente, sen que ata día de hoxe se teña

cumprido o compromiso adquirido. Motivo polo que desde o noso grupo se reitera a retirada dos ditos elementos á maior brevidade posible.

O señor alcalde di que se lles contestará por escrito.

3º Numerosas foron as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular puxo de manifesto en sede plenaria e en comisións informativas as deficiencias da iluminación pública existentes no noso municipio. O último exemplo tivémolo nos primeiros días do mes de maio na parroquia do Temple, onde varias das súas rúas quedaron completamente a escuras, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, obtidas na rúa Ramón Cabanillas e Vicente Risco.

Descoñecendo o problema existente nesta ocasión, desde o Grupo Municipal Popular reiteramos da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para erradicar ou polo menos mitigar os frecuentes apagamentos da iluminación pública no noso municipio.

Dona Elisa Barreiros Pestonit, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que fallou o reloxero pero que xa se arranxou.

4º Veciños de Cambre amosan as súas queixas ante a acumulación de cables que se atopan colgados das árbores do Campo da Feira, non só polo feísmo que provocan nun dos lugares emblemáticos do noso municipio, senón polo perigo que poden supoñer en caso de incendio. Máxime cando non só cruzan a estrada senón que utilizan como soporte os propios troncos das árbores, soporte que non se considera o máis apropiado para eles, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que o Grupo Municipal Popular se interese que pola concelleira competente se adopten á maior brevidade posible as medidas oportunas para corrixir o problema advertido.

Dona Elisa Barreiros Pestonit, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se trata dunha preinstalación de arcos de festas que levan aí moito tempo, uns vinte anos, pero que non teñen tensión, soamente cando se poñen en funcionamento con ocasión das festas e eventos similares e nin sequera en todos os casos pois, ás veces, soamente funcionan como soporte.

5º Moitas das beirarrúas do noso municipio presentan un deficiente estado de conservación, converténdose nun auténtico perigo para os transeúntes, sobre todo en épocas de choiva, onde á má conservación do pavimento únese o risco de caída motivado pola humidade existente nelas.

Entre eles, destaca o existente na estrada Cambre-Temple, nas inmediacións da parada de autobús da rúa dos Muíños, no que tal e como se observa na fotografía que se achega é necesario repoñer o firme.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se interese que pola concelleira competente se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

O señor alcalde di que se lles contestará por escrito.

6º Tamén foron numerosas as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular ten presentado rogos sobre o deficiente estado no que se atopa o mobiliario público do noso concello, como as marquesiñas de autobús, farois, ou bancos. Xunto a eles non debemos esquecernos do deficiente estado que amosas as papeleiras existentes no noso municipio, como a que se aprecia na fotografía que se achega, captada na rúa Constitución do Temple, na que xunto ao mal estado da propia papeleira se observa a situación de abandono e ausencia de limpeza do solo onde se atopa ancorada.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para a correcta conservación e limpeza das papeleiras existentes no nos municipio, así como da súa contorna máis inmediata.

Dona Elisa Barreiros Pestonit, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que recolle o rogo.

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/2595, o día 14 de maio de 2021, xunto cos demais rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

Único. Ante a solicitude que fixemos no mes de febreiro para solucionar a situación da rúa dos Muíños, na que se sitúa un vertedoiro de chatarra e residuos variados.

Podemos ver que ante a roza realizada na contorna parecía que a situación ía mellorar, pero contemplamos nestes últimos días que a situación está volvendo a iniciarse.

Parece un bo momento para volver a incidir na situación, antes de que se retorne a situación.

Rogamos que se tomen as medidas pertinentes para frear esta situación dende os diversos departamentos que sexa preciso, entendendo tamén a vertente máis social desta situación.

O señor alcalde di que se lles contestará por escrito.

Rogo de C's presentado de forma oral

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, presenta un rogo de forma oral respecto da subvención ao IDAE para o financiamento de luz led. Di que tivo coñecemento dun incumprimento do Concello respecto do prazo e que se solicitou prórroga ata o 31 de decembro de 2021. Pregunta se poden facilitarlles a dita solicitude por escrito, coñecer que está pasando con esta subvención e saber se hai risco de perdela.

O señor alcalde di que se lles contestará por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2596, o día 14 de maio de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª e 2ª Á vista da volta á celebración de sesións de órganos colexiados do noso concello de forma presencial tras o levantamento do estado de alarma, descartando a utilización da plataforma Councilbox contratada polo noso concello no mes de abril de 2020 ou a plataforma Zoom que ultimamente estaba

sendo utilizada para celebrar as ditas sesións, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente:

- Cúmrense as medidas sanitarias establecidas pola Xunta de Galicia coa presenza de ata 25 persoas a porta pechada no salón de plenos do noso concello?
- Que motivo ou motivos impiden continuar coa celebración telemática das sesións de órganos colexiados ata que a vacinación da nosa poboación avance e a situación epidemiolóxica se estabilice?

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que si que se contemplan medidas e que, se ben a normativa publicada no DOG non impide a celebración de sesións de forma telemática, si que se permite a súa celebración de forma presencial.

3ª Respecto do cumprimento das normas derivadas da pandemia, desde o Grupo Municipal Popular, pregúntase ao Sr. alcalde de Cambre polo número e causa das multas impostas polo noso concello no último mes nos expedientes sancionadores abertos a persoas e locais á vista das restricións, peches e incumprimentos.

Dona Elisa Barreiros Pestonit, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que entre o 20 de abril e o 20 de maio actual se efectuaron en total 39 denuncias: 17 por non usar máscara, 4 por consumir tabaco incumprindo as medidas sanitarias, 17 por celebración de reunións que superaban o número máximo de persoas permitidas e 1 por consumo no interior dun local estando prohibido.

4ª Nos últimos días tivemos coñecemento das obras que se estiveron levando a cabo no CEIP Torrente Ballester. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte que obras e custo son os que se levaron acabo no dito centro de ensinanza.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que 199.000 euros, IVE incluído, e que se trata de obras que pretenden atender ás necesidades do alumnado actual do colexio.

5ª Tendo transcorrido máis dun ano e medio desde que a Biblioteca Central de Cambre non se atopa no edificio do centro de saúde, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente sobre a situación na que se atopan as instalacións que ocupaba a dita biblioteca no centro de saúde.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que no 2020 remitiuse escrito do señor alcalde á Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas polo que se solicitaba a inclusión do centro de saúde de Cambre no Grupo 1, "Centros de Saúde de titularidade municipal que poden ser transferidos ao Sergas" do Protocolo entre a Consellería de Sanidade, o Servicio galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias sobre asuncións dos custos de mantemento dos Centros de Saúde, e, en consecuencia, a súa exclusión do Grupo 2, "Centros de Saúde de titularidade municipal que comparten espazos con outras actividades municipais", por non compartir espazo con outras actividades municipais.

Engade que, se ben a día de hoxe aínda non se recibiu ningunha contestación ao respecto, na Secretaría Municipal estase a regularizar a situación xurídica da parcela así coma do edificio co fin de inscribilos como tal no Rexistro da Propiedade, pois é unha das condicións que esixe o Sergas para aceptar a súa cesión.

6ª Tendo transcorrido máis de tres anos desde que se iniciou a nova redacción do Plan xeral de ordenación municipal, sen que desde hai meses teñamos noticias sobre el, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente en que estado se atopa a súa redacción.

O señor alcalde di que se lles contestará por escrito.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2595, o día 14 de maio de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª A Xunta de Galicia anunciou a inicios deste mes que será publicada unha nova convocatoria para as axudas de protección e coidado de animais domésticos abandonados, que permitiría para o concello o control das colonias felinas incontroladas presentes no municipio e que en pasados anos non foi solicitada.

A maiores na documentación que se nos facilitou sobre o suplemento de crédito vén reflectido un investimento para esta problemática.

Cales son as previsións deste ano respecto da intervención nas colonias felinas do municipio?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial do servizo de Medio Ambiente, contesta que se trata de implantar de maneira oficial este sistema e logo establecer o método CES (control, estabilización e solta) así como un sistema de alimentación.

2ª Varios foron os motivos que levaron a poñer en marcha o proxecto para dotar ao concello dunha Casa da Cultura, na que poder traer a Cambre eventos de máis “capacidade”, aforrar os cartos polas instalacións da antiga biblioteca e ademais permitir a ampliación de servizos sanitarios do centro de saúde. E unha reordenación do cruzamento no que se sitúa cunha rotonda.

Pero dous anos máis tarde o único que temos os veciños e veciñas de Cambre é unha biblioteca en medio dun descampado.

Que é o que se fixo para finalizar a obra da totalidade do edificio municipal?

No proxecto inicial reflíctese no punto 1.5 da normativa urbanística que:

“Servizos urbanísticos existentes: Executaranse segundo proxecto de urbanización.

Servizos urbanísticos a executar: Executaranse acometidas ata edificio segundo proxecto de urbanización.”

Cales son os prazos que establecen para as ditas urbanizacións?

O señor alcalde di que se lles contestará por escrito.

3ª En semanas pasadas algún medio de comunicación fixo eco sobre as negociacións do depósito de Sarro. Coñecemos o necesaria que resulta esta infraestrutura para o noso municipio.

Hai previsión de avance neste tema? Que movementos se fixeron dende o Concello de Cambre para intentar impulsar esta obra dende a última vez que este grupo municipal preguntou polo asunto no mes de agosto do pasado ano?

O señor alcalde di que se lles contestará por escrito.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2596, o día 14 de maio de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª-2ª e 3ª Nos últimos días asistimos a unha nova campaña de propaganda municipal, nesta ocasión centrada nun programa de voluntariado interxeracional en torno ao Camiño Inglés ao seu paso polo noso municipio, denominado *O noso Camiño*.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concello competente:

- En que consiste ou cal é o contido do dito programa de voluntariado interxeracional
- Que outras iniciativas se van levar á práctica ao longo deste ano 2021, Ano Santo Compostelán
- Previsións dos custos/investmentos das actividades programadas polo noso concello en torno ao Camiño de Santiago neste Ano Santo

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, di que se trata dun proxecto interxeracional que combina o voluntariado xuvenil, de entre 16 e 30 anos, e o voluntariado senior, de máis de 55 anos, para a posta en marcha dun punto de información ao peregrino na reitoral de Sigrás, co obxectivo de poñer en valor o camiño, informar e dar asistencia ao peregrino e selar a compostela. Engade que se poñerá en marcha entre o 1 de xuño e o 24 de outubro 2021 e que o persoal voluntario recibirá os cursos de formación oportunos, aboándose-lles os gastos de manutención e desprazamento, estando aberto o prazo de inscrición ata o 28 de maio.

Continúa a dicir que as outras iniciativas que se levarán a cabo son os camiños da arte, a promoción do Camiño Inglés mediante folletos, a solicitude dunha subvención para varias intervencións de embelecemento e a posibilidade dalgún concerto en canto as condicións pandémicas o permitan.

Respecto dos custos di que os camiños da arte 25.000 €, a promoción de folletos 900 €, investmentos de embelecemento 7.545 € dun proxecto total de 22.545 €, “o noso camiño” un gasto total de 2.673 € para o voluntariado senior, dos cales solicitaranse á Xunta 1.530 €, e 5.676 € para o voluntariado xuvenil, dos cales 4.260 € solicitaranse á Xunta.

4ª-5ª e 6ª Á vista da altura de ano na que nos atopamos, na que os estudantes apuran os últimos días antes dos exames finais, non sabemos cal é a programación de apertura da Biblioteca Central de Cambre. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunta á concelleira competente:

- Horario de apertura da Biblioteca Central de Cambre no que resta do mes de maio e mes de xuño
- Horario de apertura da Biblioteca Central de Cambre nos meses de verán
- Previsións para o resto de bibliotecas municipais

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que os horarios están publicados tanto na páxina web municipal coma nas entradas das bibliotecas, de luns a venres de 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, e os sábados de 10:00 a 13:00 horas.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2595, o día 14 de maio de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª O Fondo Galego de Cooperación no marco da Axenda 2030, a través de 'People&Planet' dá aos concellos socios do Fondo Galego a oportunidade de implementar numerosas actividades. Moitas delas de índole xuvenil, nas que se facilita persoal específico para a súa dinamización, e dende os concellos se deberán encargar de crear os grupos de traballo e facilitar os contactos.

Queríamos preguntar se dende o Concello de Cambre se solicitou algunha iniciativa desta área. E no caso negativo, por que motivos non foron solicitadas?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, di que non se solicitaron pola situación xerada pola pandemia xa que non se podían realizar actividades de forma presencial, pero que o proxecto ten unha duración de catro anos e se a situación epidemiolóxica continúa a mellorar, solicitaranse para o seguinte ano

2ª Chegáronnos as queixas de varias familias usuarias do servizo de axuda a domicilio sobre o descontento que xera a continua rotación do persoal que realiza o servizo nos domicilios, confirmando que dá lugar a diferentes incidencias no desenvolvemento do servizo. Algunhas destas persoas confirman que trasladaron a queixa, pero que a situación continúa a ser a mesma.

Queríamos coñecer se estas queixas foron recibidas desde o Concello de Cambre. E no caso afirmativo, cal é o número de persoas usuarias que deron traslado da mesma queixa? E como é a xestión dende o concello para dar solución a esta incidencia?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que descoñece a que queixas se refire e di que cando existan alegacións que mellor se presenten por escrito para poder tramitalas, pois só ten constancia de tres reclamacións.